

Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **VILAGARCÍA DE AROUSA**

##### **Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA E BASES PARA A COBERTURA DE 4 PRAZAS DE TÉCNICO MEDIO  
POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA*

#### *A N U N C I O*

*CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA POR FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA  
DE 1 PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (TAX A2) E 3 PRAZAS DE TÉCNICO  
MEDIO XESTIÓN ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (TMAE A2), POLA QUENDA DE PROMOCIÓN  
INTERNA.*

Por Resolución desta Alcaldía do 22 de marzo de 2022 e acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de abril de 2022, aprobouse a convocatoria e as bases específicas para a cobertura por funcionarios/as de carreira de unha praza de Técnico Medio de Administración Xeral (TAX A2) e tres prazas de Técnico Medio Xestión Administración Especial (TMAE A2), mediante quenda de promoción interna.

#### *BASES ESPECÍFICAS*

As presentes bases específicas regulan o sistema selectivo de concurso-oposición por quenda de promoción interna, de:

1 praza de funcionario/a de carreira, pertencentes a escala de administración xeral, subescala Xestión, subgrupo A2.

3 prazas de funcionario/a de carreira, pertendente a escala de administración especial. Subescala Técnica Media, subgrupo A2.

E segundo os criterios xerais de procesos selectivos de promoción interna recollidos no III Acordo Marco para o persoal funcionario do Concello de Vilagarcía de Arousa vixente.

O texto íntegro das bases específicas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica do Concello: [sede.vilagarcia.gal](https://sede.vilagarcia.gal). Sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda.

O prazo de presentación de solicitudes mediante instancia xeral dirixida al Alcalde-Presidente no prazo de 20 días naturais comezará ao día seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

Ademais dos anuncios anteriores a convocatoria deberá facerse pública na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria se farán públicos na sede electrónica citada e cando proceda segundo a normativa vixente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

#### *1.-Clasificación das prazas:*

1 praza de funcionario/a de carreira, pertencente a escala de administración xeral, subescala Xestión, subgrupo A2.

3 prazas de funcionario/a de carreira, pertencentes a escala de administración especial. Subescala Técnica Media, subgrupo A2.

#### *2.-Dotación económica*

As retribucións correspondentes ao Subgrupo A2, concretadas na relación de postos de traballo (RPT) segundo a adscrición de posto de traballo que corresponda.

#### *3.-Requisitos esixidos:*

Ademais dos previstos con carácter xeral para o acceso ao emprego público, os requisitos necesarios son os seguintes:

a) Para poder tomar parte no proceso selectivo de promoción interna, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos antes da finalización do prazo de presentación de instancias:

a) Ser funcionario/a de carreira da escala de administración xeral do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa cun mínimo de dous anos continuados de servizo activo no subgrupo C1:

No caso da praza TAX A2: da escala de administración xeral.

No caso das prazas TMAE A2: da escala de administración especial.

b) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do Grupo A/ subgrupo A2.

c) Non haber sido sancionado/a por falta grave ou moi grave ou telas canceladas.

#### *4.-Número de prazas que se convocan:*

Catro prazas pola quenda de promoción interna.

#### *5.-Sistema de selección:*

Concurso oposición.



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

### 6.-Presentación de instancias:

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumpridas, durante o prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio de cada convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á instancia acompañarase inescusablemente.

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida na presente convocatoria.
- Relación dos méritos que aleguen, enumerados segundo a orde establecida no ANEXO I.

Á devandita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos méritos, orixinais ou fotocopias compulsadas.

### 8.-Composición do tribunal:

O tribunal estará composto do seguinte modo:

Presidencia: Funcionario/a de carreira do subgrupo A1/A2 do concello

Secretaría: Funcionario/a de carreira do subgrupo A1/A2 ou empregado/a público en quen delegue do concello

Vogais: Tres vogais funcionarios/as de carreira do subgrupo A1/A2 do concello

Todos os membros do Tribunal deberán ter a titulación ou especialización igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas distintas probas, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto.

### 9.-Impugnación e supletoriedade.

A Comisión Seleccionadora/Tribunal queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39 de 2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015 do texto refundido do Estatuto Básico do empregado Público, Lei 2/2015 de 26 de abril do Emprego público e Galicia, e demais normativa concordante.

#### *10.-Contido da promoción interna:*

Forma de desenvolvemento e sistema de cualificación: A promoción interna consistirá nun concurso-oposición, describíndose a continuación o contido de cada un deles:

10.1 Fase de concurso (máximo 40 puntos): non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, para o cal se acompañarán á instancia os documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) que consideren oportunos. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, na data de finalización do prazo de presentación das instancias.

Non obstante, non será necesario presentar documentos que xa se achen en poder desta Administración, pero os mesmos deberan ser identificados polo/a interesado respecto do expediente no que se teñen incorporado.

O baremo a aplicar recóllese no cadro que se recolle no Anexo I da presente convocatoria:

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que os aspirantes poderán conseguir, ao cal se lle outorgarán os catro puntos.

En relación coa aplicación do baremo, débense ter en conta as seguintes normas:

Titulacións Académicas: Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, aos efectos de valoración, as titulacións necesarias ou ás que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Aos efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

10.2 Fase de oposición (máximo 60 puntos): Será posterior á fase de concurso e constará de dúas probas de coñecementos referido ao temario da presente convocatoria e que se recolle no Anexo II destas bases.

Primeira proba (30 puntos): Consistirá en contestar por escrito nun período máximo de dúas horas dun exame tipo test de 60 preguntas a determinar polo Tribunal e relacionadas cos temas xerais e específicos de cada praza obxecto da convocatoria.



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

As preguntas non poderán ser exclusivamente memorísticas.

Esta proba cualificarase de cero a trinta puntos, e soamente se valoraran as respostas acertadas non contando negativo as respostas en branco ou erradas.

Segunda Proba (30 puntos): Consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha hora. O/a candidato/a poderá elixir un caso práctico a resolver sobre diferentes alternativas propostas polo Tribunal.

Esta proba cualificarase de cero a trinta puntos (30 puntos).

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a suma aritmética das cualificacións de ambas as dúas probas.

O Tribunal queda expresamente habilitado para o establecemento (no seu caso) dunha nota mínima de corte conxunta ou en cada unha das probas de oposición tomando en consideración a complexidade das probas. Sendo necesario superar dita nota mínima de corte total ou en cada unha das probas para considerar superada a fase de oposición.

10.3 Publicidade do proceso selectivo. A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)), sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

10.4 Cualificación final: Previamente á fase de oposición, o tribunal procederá á baremación da fase de concurso e publicara na paxina web do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva. Contra esta resolución, poderán as/os interesadas/os interpoñer recurso de alzada conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

10.5 Empate: En caso de empate optarase polo/a candidato/a con maior puntuación na fase de oposición, de persistir o empate polo/a de máis antigüidade e de persistir o empate polo/a de maior idade.

10.6 A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuácese de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso- oposición para a promoción interna, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira. Para os efectos previstos neste punto



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos establecidos na base 3 da presente convocatoria.

### *11.- Datos de carácter persoal*

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPDP)”. E a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravela nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email dpd@vilagarcia.gal

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal . A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

### *ANEXO I*

#### *BAREMO DA FASE DE CONCURSO DA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA:*

##### *A) ANTIGÜIDADE:*

Por cada ano completo de servizos como funcionario/a de carreira do Subgrupo C1: 1,2 puntos rateándose os períodos inferiores ao ano tomando como referencia o valor mes de 0,1 puntos.

##### *B) CURSOS:*

Pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver impartido polo INAP, EGAP, outras administracións públicas ou calquera centro oficial autorizado incluídos os organizados ou promocionados polo propio Concello:

Por cada curso de 60 horas ou 10 xornadas como mínimo: 0.60 puntos

Por cada curso entre 30-59 horas ou de 5-9 xornadas como mínimo: 0.40 puntos

Por cada curso entre 10 e 29 horas ou 2-4 xornadas como mínimo: 0.20 puntos

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 10 puntos.



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

*C) TITULACIÓN ACADÉMICA*

Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto

Por estar en posesión de titulación complementaria á esixida para o acceso á praza e relacionada coas funcións a desenvolver: 1 punto

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 2 puntos.

*D) GALEGO*

Curso de iniciación (CELGA 3) : 0,50 puntos

Curso perfeccionamento (CELGA 4): 1 punto

Curso de linguaxe administrativa básica: 1.25 puntos

Curso de linguaxe administrativa media: 1.50 puntos

Curso de linguaxe administrativa superior: 2 puntos

Puntuarase só o superior alegado como mérito ata un máximo de 2 puntos.

O/a aspirante que non acredite titulación poderá realizar un exame que se valorará con máximo de 0.25 puntos.

Máximo da fase de concurso: 40 puntos.

*ANEXO II*

*TEMARIO DA FASE DE PROMOCIÓN INTERNA.*

*TEMARIO TMAX/TMAE subgrupo A2 PROMOCIÓN INTERNA*

*PARTE XERAL*

TEMA 1.- Actividade das Administracións Públicas: Responsabilidade da tramitación. A obriga de resolver. Suspensión e ampliación do prazo máximo para resolver. O silencio administrativo.

TEMA 2.- Os actos administrativos: Concepto. Requisitos dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade. Conversión, conservación e convalidación.

TEMA 3.- Eficacia dos actos administrativos: Executividade. Notificación: notificación en papel e notificación a través de medios electrónicos. Publicación.

TEMA 4.- O procedemento administrativo común: Iniciación e ordenación do procedemento.

TEMA 5.- O procedemento administrativo común: Instrución e finalización.

TEMA 6.- A revisión de oficio: revisión de disposición e actos nulos. Declaración de lesividade de actos anulables. Revogación de actos e rectificación de erros.



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

TEMA 7.- Os recursos administrativos: recurso de alzada, recurso potestativo de reposición e recurso extraordinario de revisión.

TEMA 8.- A organización e funcionamento do municipio: o Pleno, o Alcalde e a Xunta de Goberno Local.

TEMA 9.- A potestade normativa das entidades locais. Ordenanzas. Regulamento e bandos. Procedementos de elaboración e aprobación.

TEMA 10.- Funcionamento electrónico do sector público local: Sede electrónica e portal de internet. Actuación automatizada das Administracións públicas. Intercambio electrónico de datos en contornas pechadas.

TEMA 11.- O expediente administrativo electrónico: concepto e contido. Rexistro electrónico de documentos e notificacións electrónicas.

TEMA 12.- O procedemento administrativo electrónico: Concepto. Inicio e emenda. Obriga de relacionarse de xeito electrónico. Rexistro electrónico de apoderamento.

TEMA 13.- Protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora. Principios. Dereitos das persoas en materia de protección de datos.

TEMA 14.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Código de Conducta.

## *PARTE ESPECÍFICA*

### *TÉCNICO/A MEDIO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO (TMAE A2)*

TEMA 15.- O Sistema Nacional de Emprego: concepto e instrumentos de coordinación. O Servizo Público de Emprego Estatal: concepto e organización. Os Servizos Públicos de Emprego das CCAA..

TEMA 16.- Servizos do Sistema Nacional de Emprego. Usuarios dos servizos. Acceso das persoas desempregadas aos servizos.

TEMA 17.- Instrumentos da política de emprego. A intermediación laboral. Principios básicos

TEMA 18.- As políticas activas de emprego: concepto e principios xerais. Identificación e tipos das políticas activas de emprego

TEMA 19.- Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral: definición, iniciativas e tipos.

TEMA 20.- O Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais: definición, finalidade, contido e estrutura. Cualificación Profesional e Competencia Profesional.



*TÉCNICO/A MEDIO DE MEDIO AMBIENTE (TMAE A2)*

TEMA 15.- Os principios das potestade sancionadora. Especialidades do procedemento sancionador: actuacións previas, iniciación do procedemento, arquivo, proposta de resolución e resolución.

TEMA 16.- Regulación municipal das normas de carácter hixiénico sanitarias das praias. Regulación da presenza de animais nas praias municipais. Regulación das cacharelas. Consecuencias das actuacións infractoras, responsables.

TEMA 17.- Regulación dos animais domésticos: obrigas das persoas posuidores e propietarias. Recollida e acollemento de animais vagabundos e extraviados. Abandono de animais. Adopción e acollida temporal de animais domésticos. Colonias felinas.

TEMA 18.- Regulación dos animais potencialmente perigosos: Licenza municipal e obriga de inscrición. Responsabilidade e obrigas das persoas propietarias e dos posuidores.

TEMA 19.- Competencia das entidades locais en materia de residuos. Principios da política de residuos.

TEMA 20.- Planificación en materia de residuos: programa locais de prevención e xestión de residuos. Xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais: punto limpo de recollida separada de residuos de competencia local. Regulación dos edificios públicos. Separación na orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos. Programas de implantación de instalacións de compostaxe comunitaria.

*TÉCNICO/A MEDIO DE TURISMO E EDUCACIÓN (TMAE A2)*

TEMA 15.- Lei de Turismo de Galicia. Administracións públicas competentes en materia de Turismo. Competencias municipais. Dereitos e obrigacións da usuaria e usuario turístico. Promoción e fomento do Turismo: Competencias e principios de actuación.

TEMA 16.- Declaración de Municipio Turístico de Galicia. Servizos mínimos dun municipio turístico. Declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia. Declaración de Festa de Interese Turístico Nacional e Internacional.

TEMA 17.- A promoción e a información turística. Plans de dinamización do produto turístico. A planificación estratéxica de turismo. A oferta turística de Vilagarcía ([visitvilagarcia.com](http://visitvilagarcia.com)).

TEMA 18.- Ordenación turística relativa a hoteis, apartamentos, cámpings e aloxamentos rurais en Galicia.

TEMA 19.- A Lei Orgánica de Educación e as súas posteriores modificacións. A Educación na Lei de Bases do Réxime Local. Competencias municipais en Educación.

TEMA 20.- A Educación de persoas adultas: niveis, aulas mentor e castelán e galego para inmigrantes. A escola municipal de Música.



Xoves, 28 de abril de 2022

Núm. 81

*TÉCNICO/A MEDIO ADMINISTRACIÓN XERAL (TMAX A2)*

TEMA 15.- Fomento da edificación, conservación e rehabilitación. Deber de conservación: Obxecto e límites. Ordes de execución: Obxecto, contido e procedemento. Executividade e execución forzosa.

TEMA 16.- Rexistro de solares e venda forzosa. Declaración de ruína.

TEMA 17.- Intervención na edificación e uso do solo. Títulos habilitantes municipais: Licenzas e comunicacións previas. Actos suxeitos a licenza. Actos suxeitos a comunicación previa.

TEMA 18.- Procedemento de outorgamento das licenzas. Procedemento de tramitación das comunicacións previas.

TEMA 19.- Protección da legalidade urbanística: Concepto, disposición xerais e procedemento.

TEMA 20.- Os principios da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento sancionador: actuacións previas, iniciación do procedemento, arquivo, proposta de resolución e resolución.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 13 de abril de 2022.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

